

## POEMAS

por ADINA IOANA VLADU



Adina Ioana Vladu na súa Transilvania natal



## VENDO NEVAR NOS CÁRPATOS

*Estou en Compostela vendo nevar no Courel.*  
(U. Novoneyra)

*Cambia o universo... pero o meu amor non cambia.*  
(C.R. Fer)

Cóbreme o corazón a primeira nevada dos Cárpatos  
deste ano  
e saio pastar os derradeiros fíos de luz agochados entre a herba do verán  
cal cerva que naceu na primavera  
e aínda non coñece a xeadá.  
Contra a friaxe, o único antídoto imaxinable -  
Cúbreme o corazón co teu lume  
ti, en cuxos ollos nunca é inverno  
e cuxos brazos forman bólas de cristal  
cheas dun eterno xuño.  
Ti, que cristalizas partículas de enerxía pura  
en folerpas de poesía  
inderretible.  
Cóbreme o corazón a primeira nevada dos Cárpatos  
deste ano  
e non sei se non comezo a latexar máis devagar  
por empatía.

## NOVOS DIÁLOGOS IMPOSIBLES

para C. e N., e para novos diálogos imposibles  
„...și pat le era dușumeaua.”  
(din raportul Securității despre poeta Nina Cassian)

O amor estaba en min desde 1957.  
Con 17 anos eu chegara a ser unha muller fascinantemente fea – e non o sabía.  
Brotaban en min palabras inventadas, mares e lúas  
sentíame máis viva que nunca  
doíanme as omoplatas polo imperativo das ás  
estoupaba no orgasmo da lingua romanese  
ao sentirte subir cara min  
con labios líquidos de lava primordial  
dende o primeiro fulgor do estremecemento  
que nos fundiu ata o berro  
máis alá da lingua.  
Presentíate no diálogo do vento coa mar  
no salitre que sabía coma a túa saliva,  
na claridade da luz do máis alá do bosque,  
mais non o sabía.  
Só tardei sesenta anos en saber  
que o amor estaba en min desde 1957,  
cando nos amabamos nos despachos do antigo Ministerio das Artes,  
e a nosa cama era o chan.